



Universidade de Vigo

LISTA DE ASISTENTES

D. José Pose Blanco
 D. José Angel Vázquez Barquero
 D. José Tojo Suárez
 D. José Barreiro Somoza
 D. Eusebio Corbacho R
 D. Carlos Martínez-Peñalver Freire
 D. Xulio Pardellas de Blas
 D. José Carlos Cermeño Iglesias
 D. Xosé Luís Legido Soto
 D^a M^a Luisa Alonso Escontrela
 D. Enrique Barreiro Alonso
 D^a Carmen Becerra Suárez
 D^a Milagros Cavada Nieto
 D. Xosé Manuel Cid Fernández
 D. José M^a Correa Otero
 D^a Margarita Estévez Toranzo
 D. Antón Fernández Alvarez
 D. Joel Fernández Soto
 D. Luís Vicente García Lloréns
 D. José Antonio Gómez Barbeito
 D^a Laura González Novoa
 D^a M^a do Carmo Henriques Salido
 D. Alfonso López Otero
 D^a M^a del Pilar López Vidal
 D. Carlos Mollinedo Lois
 D. Guillermo de Oca Cancela
 D. Xosé Luís Outes Ruso
 D. Cándido Pérez Betanzos
 D. Luis Pérez Gómez
 D. Mariano P-Mnez.e P-Amor
 D^a Verónica Piñeiro Fernández
 D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
 D. Ricardo Varela Caride
 D. José Veiro García (CC.OO.)
 D^a Asunción García Carro (UXT)

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, celebrada o vinte e cinco de xaneiro de mil novecentos noventa e seis, ás 9.30 horas, no Paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo.

O xoves, **día 25 de xaneiro de 1996**, ás 10.30 horas, celebrouse sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, da Acta da sesión anterior.
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Aprobación, se procede, do presuposto do ano 1996.
- 4º.- Asuntos de Profesorado: Prazas BOE, Transformacións, Permiso e Profesores Visitantes.
- 5º.- Proposta de nomeamento do delegado de Enfermería Ourense.
- 6º.- Proposta de nomeamento do representante da Universidade de Vigo na EGAP.
- 7º.- Proposta de creación do Instituto Universitario de Tecnoloxía da Madeira.
- 8º.- Aprobación, se procede, do Manual de identificación corporativa.
- 9º.- Sustitución de membros en Comisións (Comisión de Informática de Xestión, Comisión de Reclamacións, Comisión de Docencia e Comisión de Ordenación Académica).
- 10º.- Aprobación, se procede, de sinatura de convenios con: "O.N.C.E.", "CC.OO", e, baseándose no Acordo-marco de colaboración aprobado pola Xunta de Goberno do 22.12.95, coa entidade "Fundación Semana Verde de Galicia".
- 11º.- Aprobación, se procede, de convocatoria de axudas á Investigación do ano 1996.
- 12º.- Aprobación, se procede, do Regulamento do Centro de Apoio Científico-Tecnolóxico á Investigación (CACTI).
- 13º.- Aprobación, se procede, de Premios extraordinarios de Doutoramento.
- 14º.- Aprobación, se procede, de tarifas da Biblioteca Universitaria.
- 15º.- Rogos e preguntas.

Presidiu a sesión o Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez e actuou como Secretario, o Secretario Xeral, D. Xosé Luís Legido Soto.

No **punto 1**, apróbase a acta da sesión anterior, 22.12.95, co voto en contra da profesora Henriques Salido, pasando a anexo os rogos e suxestións de D^a M^a do Carme Henriques Salido, facendo constar que as intervencións que se queiran facer figurar en acta, non expresadas en galego normativizado, figurarán como anexo, debendo entregalas por escrito.

No **punto 2**, Informe do Rector, informan distintos Vicerrectores.

O Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez informa:

- do acto de San Tomé de Aquino que se celebrará o vindeiro sábado 27, no salón de actos da Facultade de Belas Artes, ás 12 horas, e que intervirá D. Francisco Javier Rio Barja, catedrático xubilado da Universidade de Santiago e membro da Real Academia Galega da Ciencia, pronunciando unha conferencia titulada "Orixe e paisaxe das Rías Baixas";
- sobre o resultado da convocatoria de Axudas á Investigación do curso 94/95 (anexo I), agradecendo ós membros da Comisión e ó Persoal de Administración e Servicios de Investigación e de Xestión Económica a tarefa desenvolvida;
- do funcionamento estable do Centro de Apoio Científico-Tecnolóxico (CACTI) que ten unha demanda superior á esperada, polo que se están a face-las xestións oportunas para unha ampliación da plantilla de persoal; neste Centro impáartense ata agora unha serie de cursos que contaron cunha numerosa asistencia, polo que se pensa repetir algúns dos máis solicitados;
- que se organizarán cursos de INTERNET para o Persoal de Administración e Servicios.

O Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco informa:

- do dictame do Tribunal contra da Universidade, relativo ó proxecto da 2ª Fase da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación, encargado no seu día pola Universidade de Santiago e reclamados os seus honorarios polo Arquitecto Sr. López Candeira
- da instalación dos puntos de información ó estudante e do reparto das tarxetas magnéticas identificativas, podendo estar totalmente distribuídas durante o mes de febreiro;
- explicou ademais que as obras de acondicionamento da Residencia universitaria ubicada na Estación de Renfe estarán concluídas proximamente;
- da saída a concurso da Cafetería da Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Forestal.

O Xerente, D. José Carlos Cermeño Iglesias informa:

- da substitución dos selos e a franquicia no correo polo servizo concertado.

Neste punto, respóndese ás preguntas de D. Alfredo López Concepción:

- Materias-chave, respóndelle o Secretario Xeral, D. Xosé Luís Legido Soto, que ten que solicitala ó Centro;
- Ás relativas ó Arquitecto-asesor, contéstalle o Vicerrector de Planificación, D. José Barreiro Somoza, dicindo que o nº de informes que leva feitos pódense saber en función dos que leva cobrados ó longo do ano 1995, dato que se pode preguntar en Xestión Económica.

Intervén en primeiro lugar D. Horario A. Villar Suárez pedindo a retirada do punto (anexo II).

D. Cándido Pérez Betanzos fai varias puntualizacións: "1ª) Na tramitación do Proxecto de Orzamento para o ano 1996, vulnéransen os artigos 72 m), 77 d) e 115 d) dos Estatutos da Universidade de Vigo, consontes co artigo 5.V.a do Regulamento de Réxime Económico. 2ª) O contido dos estados de ingresos e gastos é insensible coa realidade multicampus da Universidade de Vigo, e non se fai o máis mínimo esforzo por parte do equipo de goberno para dar cumprimento ó art. 20 do Regulamento de Réxime Económico: "*O estado de gastos incluírá os créditos necesarios para o cumprimento das obrigacións que se xeren no exercicio presupostario e terá que ser obxecto dunha clasificación orgánica, económica e funcional, que na medida do*

*posible estará desglosada por campus". 3ª) Denuncia-la falta de respecto á Comisión Económica delegada da Xunta de Goberno, xa que a documentación que se remite os membros da Xunta de Goberno, eludiu a tramitación por parte da Comisión Económica e as correccións técnicas feitas nela, nomeadamente na páx. 25 "Bases de Execución" nos puntos 2 e 3 do art. 5º, e sigue aparecendo a referencia ó inexistente *Consello Económico*, en lugar do Consello Social, como corresponde".*

A Mesa decide non retirar-lo punto da Orde do Día.

Presenta o proxecto de presuposto do ano 1996 o Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco destacando que o proxecto de presuposto axústase o establecido no artigo 54 da LRU, a Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 1996, os Estatutos da Universidade de Vigo e o seu Regulamento de Réxime Económico.

Respecto dos criterios utilizados para a estimación dos ingresos destaca as aportacións da Xunta de Galicia de 8.571.477.000 ptas. e dos dereitos de matrícula que ascenden a 1.713.000.000 de ptas., así como os obtidos da U.E. que ascenden a 550.000.000 de ptas.

No que se refire o apartado de gastos destaca a contención do gasto corrente (Capítulos I e II) e o incremento de dotacións económicas para inversión en coñecementos e infraestruturas.

O presuposto ascende a 10.935.782.000 ptas. representando un incremento dun 23,4% respecto do presuposto de 1994.

Finalmente expón a necesidade de conquistar unhas maiores dotacións económicas para facer fronte a tódalas necesidades, especialmente en infraestruturas, que ten a nosa Universidade.

Despois dun debate, apróbase por asentimento o proxecto de Presuposto do ano 1996 (anexo III), coa abstención da profesora Dª Margarita Estévez Toranzo e o alumno D. Alfonso López Otero.

No **punto 4**, Asuntos de Profesorado, apróbase a saída a concurso (BOE) das seguintes prazas:

D02	505	CAT-UN	Vigo	- - -
D06	555	CAT-UN	Ourense	- - -
D00	675	TIT-UN	Pontevedra	Martí Pellón, Daniel
D00	675	TIT-UN	Pontevedra	Martín Algarra, Manuel
D02	305	TIT-UN	Vigo	Pérez Vázquez, Manuel
D02	505	TIT-UN	Vigo	- - -
D03	330	TIT-UN	Vigo	Montero Reguera, José
D11	400	TIT-UN	Vigo	Rosón Porto, Gabriel
D11	400	TIT-UN	Vigo	Manteiga Outeiro, Minia
D13	050	TIT-UN	Vigo	Alvarez Otero, Rosa
D13	060	TIT-UN	Vigo	Martínez Zorzano, Vicenta Soledad
D13	630	TIT-UN	Ourense	Carballo Rodríguez, Julia
D17	170	TIT-UN	Ourense	Suárez Rodríguez, Carlos
D26	595	TIT-UN	Vigo	Bajo Palacio, Ignacio
D31	185	TIT-UN	Pontevedra	Pajares Vales, Teresa
D32	750	TIT-UN	Vigo	Gago Martínez, Ana

Apróbase a transformación das seguintes prazas:

D01	800	Santos Mejía, David José	de PP1 a TIT-UN(I)
D02	305	Cabrera Bellmont, Francisco Javier	de ASO-T3 T a TIT-UN(I)
D06	555	Alonso González, José Luis	de PP2 a TIT-UN(I)
D06	555	Alvarez Alonso, Antonio	de PP2 a TIT-UN(I)
D07	490	López Díaz, María	de PP1 a PP2
D11	385	García Parada, Eduardo	de PP1 a TIT-UN(I)
D18	055	Rey Fraile, Manuel Angel	de AXU-UN1 a AXU-UN2
D18	055	Gallardo Medina, Mercedes	de AXU-UN1 a AXU-UN2
D18	240	Benito Rueda, Mª Elena	de PP1 a TIT-UN(I)
D19	535	González Estévez, Emilio	de ASO-T3 T a TIT-EU(I)
D32	750	Lavilla Beltrán, Isela	de PP1 a PP2

Apróbase a contratación dos profesores visitantes D. Leslie M. Fernandes Fernandes e D. Antón Risco, este coa abstención de D. Cándido Pérez Betanzos..

Apróbase a concesión dun permiso ó profesor D. Jesús Simal Gándara, do 01.07.96 ó 30.09.96.

O **punto 5**, Proposta de nomeamento do delegado de Enfermería Ourense, retírase.

No **punto 6**, Proposta de nomeamento do representante da Universidade de Vigo na EGAP, a Mesa propón a D. Fernando Lorenzo Merino.

D. Horacio A. Villar Suárez, en nome da Central Sindical CIG, propón a D. Francisco Javier Sánchez Soto.

D. Ricardo Varela Caride, recorda que debería se-lo Xerente, D. José Carlos Cermeño Iglesias.

D. Horacio A. Villar Suárez retira a súa proposta e propón ó Xerente.

Faise unha votación co seguinte resultado:

-D. Fernando Lorenzo Merino: 14 votos

-D. José Carlos Cermeño Iglesias: 9 votos

Apróbase o nomeamento de D. Fernando Lorenzo Merino como representante da Universidade de Vigo na EGAP.

No **punto 7**, Proposta de creación do Instituto Universitario de Tecnoloxía da Madeira, o Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez, informa a posta en marcha para a creación deste.

Apróbase por asentimento que se inicien os trámites para a creación do Instituto Universitario de Tecnoloxía da Madeira.

No **punto 8**, Aprobación, se procede, do Manual de identificación corporativa, informa o Secretario Xeral, D. Xosé Luís Legido Soto do manual do novo escudo.

Apróbase por asentimento (anexo IV).

No **punto 9**, Sustitución de membros en Comisións, na de Informática de Xestión: D. José Carlos Cermeño, substitue a D. Jesús Graña Nogueiras

Na Comisión de Reclamacións: D. Eduardo Varela Bravo, substitue a D. José Manuel Pérez García.

Retírase a substitución na Comisión de Docencia.

Na Comisión de Ordenación Académica: D. Francisco Tugores Martorell, substitue a D^a M^a Teresa Iglesias Randulfe.

No **punto 10**, Aprobación, se procede, de sinatura de convenios con: "O.N.C.E.", "CC.OO", e, baseándose no Acordo-marco de colaboración aprobado pola Xunta de Goberno do 22.12.95, coa entidade "Fundación Semana Verde de Galicia", o Vicerrector de Relacións Exteriores, D. Xulio Pardellas de Blas informa sobre os mesmos.

Aprobóbase por asentimento a sinatura de convenios coa O.N.C.E. e con CC.OO. (anexo V), e coa entidade "Fundación Semana Verde de Galicia".

No **punto 11**, Aprobación, se procede, de convocatoria de axudas á Investigación do ano 1996, informa o Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez.

Apróbase por asentimento, a convocatoria de axudas á Investigación do ano 1996 (anexo VI).

No **punto 12**, Aprobación, se procede, do Regulamento do Centro de Apoio Científico-Tecnolóxico á Investigación (CACTI), o Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez, informa que o Regulamento proposto substitue ó anterior, regulamento provisional, aprobado pola Xunta de Goberno de 24-03-95.

Apróbase por asentimento o Regulamento do Centro de Apoio Científico-Tecnolóxico á Investigación (anexo VII).

No **punto 13**, Aprobación, se procede, de Premios extraordinarios de Doutoramento, o Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez presenta a proposta:

- Premio Extraordinario de Doutoramento en Bioloxía a D. Luis Alfonso Rodríguez López.
- Premios Extraordinarios de Doutoramento en Ciencias Económicas e Empresariais a D. José Antonio Rodríguez Sánchez e a D. Juan Carlos Surís Regueiro.
- Premio Extraordinario de Doutoramento en Enxeñería de Telecomunicacións a D. Fernando Obelleiro Basteiro.

Apróbase por asentimento a proposta presentada.

No **punto 14**, Aprobación, se procede, de tarifas da Biblioteca universitaria, o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire.

Apróbase por asentimento, as tarifas da Biblioteca universitaria (anexo VIII).

No **punto 15**, Rogos e preguntas, preséntanse varios.

-D. **MARIANO PÉREZ-MARTÍNEZ Y PÉREZ-AMOR**.- Roga que se sexa coidadoso co estado dos escritos oficiais.

-D. **ENRIQUE BARREIRO ALONSO**.-

-Pide un orzamento de choque para a biblioteca da Escola Universitaria de Enxeñería Técnica en Informática de Xestión;

-Pregunta cando se pensan aumenta-las 6 liñas de IBERCOM e que se organice o máis axiña posible a rede de datos e os cursos de Internet:

-Pide que se nomee un interlocutor no SETEI para o Campus de Ourense.

-D^a M^a **DO CARMO HENRÍQUEZ SALIDO**- Presentadas por escrito (anexo IX).

-D. **HORACIO A. VILLAR SUÁREZ**.-

-Indica que as manifestacións de D. Mariano Pérez-Martínez y Pérez-Amor e D^a M^a do Carmo Henríquez Salido, no tocante á Central Sindical CIG, son gratuítas;

-Pregunta se os planos de urbanización dos Campus pasaron por algún órgano colexiado;

-Que pasa coa súa petición ó Secretario Xeral sobre o listado dos obxectores de conciencia;

-Protesta polo gasto en invitacións ós actos da Universidade;

-Pregunta en calidade de que, o Rector enviou un escrito ás Centrais Sindicais sobre a constitución da Mesa Sectorial da Universidade de Vigo.

-D. **GUILLERMO DE OCA CANCELA**.-

-Pregunta sobre a convocatoria de cursos dirixidos ó Persoal de Administración e servicios;

-Pregunta se o persoal de Laboratorio pode asistir ós cursos de 3º Ciclo da Universidade de Vigo.

-D. **JOSE VEIRO GARCÍA**.- Pregunta de novo porque non se contestou concretamente á pregunta sobre o Arquitecto-Asesor e volve preguntar cantos proxectos fixo e se hai algún Regulamento elaborado pola Asesoría Xurídica sobre a contratación de Asesores do Rector.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 15.30 h. do día 25 de xaneiro de 1996, da que eu como Secretario dou fe, co vº e praxe do Rector.

O Rector,

O Secretario Xeral,

José Antonio Rodríguez Vázquez

Xosé Luis Legido Soto